



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante Resolución da concellería delegada de persoal de data 25.03.2021 ditouse o seguinte acto administrativo:

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE PERSOAL

REQUIREMENTO DE DOCUMENTACIÓN POR RENUNCIA PARA CONTRATACIÓN AUXILIARES POLICÍA LOCAL (1ª QUENDA).

Antecedentes:

1.- Con data 08.03.2021 o secretario do tribunal avaliador das probas selectivas para a contratación laboral temporal a tempo completo de DOCE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL, publicou a listaxe provisional das puntuacións acadadas polas persoas aspirantes, e de acordo co punto 8 das bases do proceso selectivo, na que se propón para a súa contratación:

- 1- Dna. Marta López Pérez DNI nº ***9322**
- 2- D. Iván López Miranda DNI nº ***2911**
- 3- D. Diego Alcántara Troncoso DNI nº ***5695**
- 4- D. Iván Chamorro Rey DNI nº ***8613**
- 5- D. Avelino González Alonso DNI nº ***7868**
- 6- D. Roberto Belay Marrero DNI nº ***8106**
- 7- D. Juan Antonio Pazos Sieiro DNI nº ***2333**
- 8- D. Carlos Vela Riveiro DNI nº ***2992**
- 9- D. Jorge Rodríguez González nº ***0027**

2.- Mediante certificado do secretario do tribunal de data 17.03.2021 desestímase unha alegación presentada e a proposta do tribunal avaliador pasa a definitiva.

3.- Por resolución da concellería de persoal de data 18.03.2021 realízase o requirimento de documentación para a contratación da primeira quenda, que a forman os 6 primeiros aspirantes.

4.- Mediante resolución da concellería de persoal de data 22.03.2021 aprobose formación da lista de reserva dos auxiliares de policía segundo a proposta do tribunal de data 17.03.2021, coa composición seguinte:

Posto	Nome e apelidos			Puntuación proceso selectivo
1	Marta	López	Pérez	8,40
2	Iván	López	Miranda	7,33



3	Diego	Alcántara	Troncoso	7,07
4	Iván	Chamorro	Rey	6,80
5	Avelino	González	Alonso	6,53
6	Roberto	Belay	Marrero	6,27
7	Juan Antonio	Pazos	Sieiro	5,47
8	Carlos	Vela	Riveiro	5,47
9	Jorge	Rodríguez	González	5,20

5.- Mediante escrito de data 22.03.2021 co nº de rexistro 2021-E-RC-1924, Don Avelino González Alonso solicita, segundo o artigo 11 das bases do proceso selectivo, pasar ó chamamento da 2ª quenda de contratación por atoparse traballando no concello de Tomiño acreditado con contrato.

6.- Mediante resolución da concellería de persoal de data 24.03.2021 aceptouse a renuncia de Don Avelino González Alonso e o seu pase á lista de reserva e requiriuse a documentación para a contratación ó sétimo candidato proposto polo tribunal Don Juan Antonio Pazos Sieiro.

7.- Mediante escrito de data 25.03.2021 co nº de rexistro 2021-E-RE-799 Don Juan Antonio Pazos Sieiro presenta renuncia ó posto para pasar ó seguinte candidato da lista.

8.- Mediante escrito de data 25.03.2021 co nº de rexistro 2021-E-RC-2091, Don Roberto Belay Marrero solicita pasar ó chamamento da 2ª quenda de contratación por ter o curso de auxiliar de policía caducado e que o concello lle reserve un posto na vindeira convocatoria do mesmo na AGASP.

Segundo o artigo 11 das bases de selección do proceso.

" A renuncia a contratación por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fehaciente, períodos de embarazo maternidade ou situacións asimiladas, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na lista de reserva procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da lista.

A renuncia por causa xustificada a contratación por dúas veces suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

A renuncia por causa non xustificada a contratación suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma."

Por todo o anteriormente exposto esta Concellería delegada de Persoal (resolución de delegación 24/06/2019 nº 2019-0720),

RESOLVO

1. Aceptar a renuncia á contratación de Don Juan Antonio Pazos Sieiro e comunicar o seu pase á lista de reserva no último lugar para a segunda quenda de contratación.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

2. Reservar praza para a vindeira convocatoria do curso de auxiliares de policía na AGASP para Don Roberto Belay Marrero e comunicar o seu pase á lista de reserva para a seguinte quenda de contratación no mesmo lugar, por permanecer no mesmo orde da lista.

3. Requirir a **Don Carlos Vela Riveiro e a Don Jorge Rodríguez González, o oitavo e noveno candidatos respectivamente propostos polo tribunal**, para que no prazo de **5 días hábiles**, a partir da publicación desta resolución presenten a documentación seguinte, perdendo ó seu dereitos a ser contratados de non facelo, anexo de entrega de documentación de proceso selectivo, fotocopia compulsada do DNI, fotocopia compulsada do título do curso teórico práctico de auxiliar de policía local, certificado médico oficial que acredite a súa condición de apto para o desenvolvemento das funcións do posto, fotocopia compulsada do título de ensinanza secundaria obrigatoria, graduado escolar ou formación profesional de primeiro grado ou equivalente, fotocopia compulsada da tarxeta da seguridade social, certificado bancario de número de conta, modelo para a retención do IRPF e declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade.

4. Notificar a presente resolución a Don Juan Antonio Pazos Sieiro e a Don Roberto Belay Marrero ós efectos de presentar, se consideran oportuno, os recursos mais abaixo indicados.

5. Contra a presente resolución poderán interpoñerse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o da notificación da presente resolución.
- **Contencioso administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

6. Darlle traslado do presente acordo á unidade de persoal e ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O Sr. Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

